



# Barómetro da cultura galega II. Xaneiro de 2021

DOI: 10.17075/bcg.02.2021

## 1. Introducción

A presentación deste documento de traballo, o segundo barómetro da cultura galega, engádese a un conxunto de publicacións impulsadas polo Consello da Cultura Galega dende que o 14 de marzo de 2020 se decretou en España o primeiro estado de alarma tras a aparición do virus SARS-CoV-2 e a enfermidade da COVID-19.

A situación epidemiolóxica, o avance da crise sanitaria e o confinamento da sociedade tiveron un forte impacto en todos sectores culturais de Galicia e do conxunto de España. Neste contexto, o Consello da Cultura Galega promoveu a elaboración de diversos informes e documentos de traballo, algúns sectoriais e outros de carácter máis extenso, co fin de analizar as consecuencias que estaba a ter a crise no ámbito cultural galego.

O primeiro publicouse no mes de abril de 2020 baixo o título *O sector do libro galego perante a crise da COVID-19*<sup>1</sup>. Neste traballo recóllense as

<sup>1</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_O-sector-do-libro-galego-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-do-libro-galego-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf)



análises das principais asociacións profesionais e gremiais que participan na cadea de produción do libro, así como unha descrición da situación antes da chegada da crise sanitaria. O informe complétase cunha valoración dos responsables de diferentes asociacións vinculadas ao sector: a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editoras, o Clúster da Comunicación de Galicia, a Federación de Asociaciones Nacionales de Distribuidores de Ediciones e a Federación de Librarías de Galicia. Os resultados do estudo adiantaban o agravamento que a situación epidemiolóxica estaba a provocar nun sector que xa arrastraba unha crise estrutural dende 2008.

Nesta mesma liña de investigación sectorial, o Consello da Cultura Galega publicou no mes de xuño *O sector da música popular en Galicia perante a crise da COVID-19*<sup>2</sup>. Este informe dá conta da situación dun sector especialmente vulnerable xa que está estreitamente ligada á socialización da cidadanía. Recolle as análises dos principais responsables das asociacións profesionais do sector da música popular en Galicia. Nel poñíase de manifesto o impacto da crise sanitaria e as graves consecuencias económicas e laborais para un ámbito que xa arrastraba unha precariedade estrutural dende había anos.

Tras estes dous estudos enfocados en áreas concretas, o Consello da Cultura Galega estendeu a investigación a todos os indicadores estatísticos dispoñibles para o ámbito cultural co obxectivo de avaliar o impacto da crise no conxunto das actividades. Así, en xuño publicouse o documento de traballo titulado *Conxuntura estatística do ámbito cultural*<sup>3</sup>, un estudo que ofrece información sobre a situación económica do sector no primeiro semestre de 2020 en diferentes aspectos da economía da cultura: creación de empresas, efectos da crise no emprego, consecuencias no consumo e comercio de produtos culturais, así como unha análise da situación do sector da cultura nas contas económicas de Galicia. Os resultados manifestan de novo o que xa se constatará nos estudos do libro

---

<sup>2</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_O-sector-da-musica-popular-en-Galicia-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-da-musica-popular-en-Galicia-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf)

<sup>3</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Xuno-de-2020.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Xuno-de-2020.pdf)



e da música: as actividades culturais experimentaban un dos maiores impactos de entre todas as que compoñen a economía galega, cunha afectación máis severa nos eidos relacionados coa cinematografía, vídeo, televisión, gravación de son e edición musical, seguidas polas actividades de creación, artísticas e de espectáculos.

Os informes realizados constataban como a crise sanitaria provocada pola COVID-19 estáballes a impactar fundamentalmente ás empresas culturais galegas, polo que en xullo de 2020 o Consello da Cultura Galega publicou a primeira edición do barómetro da cultura galega<sup>4</sup>. Trátase do primeiro estudo de panel da industria cultural galega e impulsouse para poder facer un seguimento temporal dos efectos da pandemia. Está baseado nunha enquisa a unha mostra representativa de empresas culturais galegas. Concretamente, extraeuse a partir do Sistema de Análise de Balances Ibéricos unha listaxe de todas as empresas culturais radicadas en Galicia, atendendo á delimitación do sector que habitualmente emprega o Observatorio da Cultura Galega, con actividade e con información das contas presentadas no Rexistro Mercantil. A partir de aí, fíxose unha selección mostral atendendo a dous criterios principais: grupo de actividade e tamaño en virtude da facturación. O grupo de actividade segue a mesma categorización que as actividades consideradas culturais na súa totalidade dentro da Conta Satélite da Cultura, con algunha modificación. Os datos dan conta da gravidade da situación e constatan a caída da facturación das empresas, o aumento de despedimentos, á vez que augura un futuro incerto para catro de cada dez empresas culturais, con ámbitos de maior vulnerabilidade como o das artes escénicas e musicais. Pese á precaria situación, a gran maioría de empresarios non contempla cesar definitivamente a actividade.

En outubro de 2020 o Goberno central decretou o segundo estado de alarma para dar amparo constitucional ás comunidades autónomas na adopción das medidas necesarias para conter a expansión da pandemia. Neste contexto, o Consello da Cultura Galega publicou a segunda

---

<sup>4</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_Barometro-da-cultura-galega-I.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Barometro-da-cultura-galega-I.pdf)



*Conxuntura estatística do ámbito cultural*<sup>5</sup>. Este documento de traballo confirma que o sector cultural segue a ser un dos máis castigados economicamente pola crise sanitaria en todos os seus indicadores e describe unha situación xeral negativa no tecido produtivo da cultura, cun escenario de especial fragilidade para as pequenas empresas e, como xa figuraba no primeiro barómetro, con peores expectativas para os eidos das artes escénicas e musicais.

No escenario de finais de 2020, con restricións de mobilidade entre a cidadanía, limitacións de cabida e de reunións en espazos públicos e privados, o Consello da Cultura Galega dirixiu o foco da súa investigación cara á análise do consumo cultural da poboación galega e da influencia da pandemia nas súas prácticas culturais. En decembro de 2020 publícase o informe titulado *Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega*<sup>6</sup>, que afonda nos cambios do comportamento da sociedade no consumo cultural e pon de manifesto a importante contracción do gasto dende comezo da crise sanitaria e unha falta de confianza na seguridade para realizar certas actividades culturais.

O ano 2021 preséntase como un desafío para os axentes culturais. Os efectos da recesión están a deixar pegada na industria galega e o sector comeza o ano con perdas en todos os seus eidos (a nivel estatal estímase que o sector cultural perdeu en 2020 cando menos un terzo dos seus ingresos<sup>7</sup>). O futuro, polo tanto, preséntase coa incerteza engadida de cal será a magnitude real do impacto, a duración da crise ou a viabilidade para realizar actividades culturais mentres non se divisa o final da pandemia. Para activar a recuperación socioeconómica do sector, a Xunta de Galicia actualizou recentemente o ‘Plan de reactivación cultural’ aprobado o pasado ano. Con todo, este está moi influído pola celebración do Xacobeo 21-22 e, aínda que se incrementou o orzamento para cultura en 20 millóns

---

<sup>5</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Outubro-de-2020.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Outubro-de-2020.pdf)

<sup>6</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2020\\_Influencia-da-COVID-19-nos-habitos-culturais-da-poboacion-galega.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Influencia-da-COVID-19-nos-habitos-culturais-da-poboacion-galega.pdf)

<sup>7</sup> [https://fundacioncontemporanea.com/wp-content/uploads/2021/02/Observatorio\\_de\\_la\\_Cultura\\_Lo\\_mejor\\_de\\_la\\_Cultura\\_2020.pdf](https://fundacioncontemporanea.com/wp-content/uploads/2021/02/Observatorio_de_la_Cultura_Lo_mejor_de_la_Cultura_2020.pdf)



de euros (94 millóns en total), a fragilidade do contexto actual impide avaliar o impacto real que a COVID-19 terá sobre esta celebración.

As políticas destinadas á preservación do emprego e das empresas así como as de investimentos están a atenuar os efectos da crise, pero son limitadas pola escaseza de recursos públicos dada a magnitude das necesidades. En consecuencia, unha das posibilidades de valor para o futuro da industria cultural galega baséase, segundo predín algúns estudos prospectivos<sup>8</sup>, no fomento da innovación e na necesidade de transformación dixital, un proceso de cambio que xa se estaba a producir nos últimos anos, pero que se acentuou a raíz da declaración do estado de alarma e o confinamento da poboación, nun mundo cada vez máis interconectado. En definitiva, apúntase que entre os desafíos que deberá afrontar Galicia de cara ao futuro xorde a necesidade de adaptar as tecnoloxías dixitais ás novas circunstancias para facilitar o desenvolvemento de novos proxectos culturais, promover unha economía galega competitiva que favoreza a internacionalización e apoie aos axentes e ás empresas culturais e deseñar políticas culturais a longo prazo que protexan e reteñan o capital humano propio.

Neste contexto, o Consello da Cultura Galega presenta o segundo barómetro da cultura galega, que pretende dar continuidade á análise da situación da industria cultural en Galicia e avaliar a incidencia no sector cando se cumpre un ano do inicio da crise sanitaria pola COVID-19.

## **2. Metodoloxía e contidos**

### *2.1. A segunda edición do estudo*

O segundo estudo sobre o impacto da crise sanitaria e económica da COVID-19 nas empresas do sector cultural galego formulouse como un barómetro con metodoloxía de tipo panel co que se pretende medir a evolución da situación das devanditas empresas no transcurso da crise

---

<sup>8</sup> [https://www.ieside.edu/despues\\_pandemia\\_book/pdf/Despues-de-la-pandemia\\_bl.pdf](https://www.ieside.edu/despues_pandemia_book/pdf/Despues-de-la-pandemia_bl.pdf)



xerada a raíz da pandemia. O presente documento dá conta do resultado da segunda edición do estudo, realizada en xaneiro de 2021, seis meses despois da primeira, levada a cabo en xullo do pasado 2020, e ten como obxecto dar conta do acontecido no treito final de 2020.

Como en todo estudo panel, tratouse de contar coa colaboración das mesmas empresas que participaron na primeira onda pero, como tamén resulta habitual neste tipo de estudos, non é posible un mantemento do 100% dos participantes, polo que un pequeno número deles tiveron que ser substituídos. Neste caso, puido contarse de novo coa concorrencia de 237 das 303 empresas que conformaron a mostra de xullo, pois 30 rexeitaron participar de novo, 24 adiaron a súa colaboración repetidas veces, en ocasións ata datas que excedían o tempo dispoñible para a realización dos traballos de campo, e as 12 restantes non puideron ser contactadas telefonicamente.

En canto a estas últimas 12 empresas, cómpre precisar que nuns casos ninguén respondeu a pesar dos múltiples intentos realizados, noutros o número xa non correspondía a unha empresa do sector cultural senón a outro tipo de empresa ou a un domicilio particular e noutros a liña xa non existía, segundo a locución automática da compañía telefónica correspondente. En consecuencia, é moi probable que sexan empresas que pecharon nestes últimos 6 meses, pero nin se ten a certeza dese peche nin da causalidade entre a crise da COVID-19 e a súa inactividade. Si consta, en cambio, o peche dunha das que declinaron participar.

En todo caso, preséntanse a continuación os resultados da segunda onda do estudo, extraídos das respostas de 300 empresas representativas do sector cultural galego, das que o 79% participou xa na primeira edición.

## *2.2. Deseño mostral*

O sector de actividade das 300 empresas que compoñen a mostra desta segunda edición do estudo do impacto da COVID-19 sobre as empresas da cultura galega axústase ao deseño previo. A redución do número de empresas enquisadas respecto do estudo de xullo do pasado ano débese a que naquela primeira edición se superara a mostra en 3 empresas (casos

que quedaran pendentes de entrega do cuestionario por correo electrónico, que foran substituídos pola súa demora e que finalmente se recibiron).

De forma proporcional e coherente á distribución de cada grupo de actividade no universo empresarial do sector cultural galego, e seguindo a metodoloxía descrita no primeiro barómetro, no que atinxe ao sector de actividade o 44,7% das empresas participantes nesta segunda edición do estudo dedícanse aos libros e á prensa, o 26,7% ás artes visuais, o 16,3% ás artes escénicas e o 12,3% ao sector audiovisual e multimedia.

#### Porcentaxe de empresas segundo o seu sector de actividade<sup>9</sup>

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Libros e prensa	43,9	44,7
Artes visuais	26,7	26,7
Artes escénicas	16,8	16,3
Audiovisual e multimedia	12,5	12,3

Fonte: Elaboración propia

Por volume de facturación, segundo os datos máis recentes dispoñibles, o 30,7% facturou entre 150.000 e 499.999 euros, o 28,7% entre 50.000 e 149.999 euros, o 22,7% menos de 50.000 euros e o 18% 500.000 euros ou máis.

<sup>9</sup> “Libros e prensa” inclúe artes gráficas e actividades de impresión, edición e creación literaria e comercio de libros e prensa. “Artes visuais” agrupa as actividades de publicidade, deseño, fotografía e creación artística. O subsector das “Artes escénicas” está composto polas actividades das artes escénicas e actividades auxiliares da música, o teatro etc. así como xestión de salas de espectáculos e fabricación de instrumentos musicais. Neste agregado tamén se inclúen as poucas empresas pertencentes ao que o IGE denomina na *Conta Satélite da Cultura* “Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas”, que, no caso deste traballo, é un pequeno grupo de empresas que ofrecen servizos a bibliotecas, arquivos, museos etc. e que non permite crear unha categoría nova. Por último, “Audiovisual e multimedia” está conformado por actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión e comercio de produtos audiovisuais.



### Porcentaxe de empresas segundo o volume de facturación no último ano dispoñible

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Menos de 50.000 €	21,5	22,7
De 50.000 a 149.999 €	28,4	28,7
De 150.000 a 499.999 €	31,0	30,7
500.000 € ou máis	19,1	18,0

Fonte: Elaboración propia

Como na primeira parte do estudo, entre as empresas enquisadas predominan as de menor tamaño, en canto ao número de traballadores, e vólvese apreciar un menor peso porcentual dos treitos conforme se incrementa o volume de persoal que indican. Porén, con respecto ao estudo de xullo do pasado ano, obsérvase unha maior presenza das empresas dos dous treitos máis baixos de empregados en detrimento das que contan con maior volume de persoal. Así, incrementouse en 5 puntos o peso relativo das empresas con 1 ou 2 empregados (ata o 39%) e en 2,3 puntos o das que teñen entre 3 e 5, e reduciuse en 2,5 puntos o das empresas con entre 6 e 10 empregados e en 4,9 puntos o das que contan con máis de 10. Estes datos constitúen un claro indicador de que se está a destruír emprego no sector.

### Porcentaxe de empresas segundo o número de empregados

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
1 ou 2 empregados	34,0	39,0
De 3 a 5 empregados	27,4	29,7
De 6 a 10 empregados	20,5	18,0
Máis de 10 empregados	18,2	13,3

Fonte: Elaboración propia

Estas características, que describen a grandes trazos o tipo de empresas sobre as que se aplicou o estudo, son empregadas como variables de cruzamento na explotación estatística das demais variables da investigación, o que permitirá unha análise segmentada que explore as





posibles diferencias no grao de afectación que esta crise está a provocar nos diversos segmentos do eido cultural galego.

### *2.3. Contidos do informe*

Tras a introdución e o apartado de metodoloxía e contidos, o presente informe artéllase en catro apartados máis. En todas aquelas variables xa empregadas na primeira edición do estudo procederase a unha comparación cos datos entón recollidos.

O apartado terceiro presta atención á situación actual das empresas atendendo ao “grao de normalidade” da actividade destas (pechadas ou sen actividade, abertas pero cunha actividade limitada, abertas e con actividade normal), á porcentaxe de persoal que está en activo, á porcentaxe das persoas que se atopan en situación de teletraballo e, ao fío desta medida, á valoración que merece o traballo dende o fogar por parte das empresas que o aplicaron, así como a percepción que impera con respecto ao seu posible mantemento cando se supere a crise sanitaria.

Ademais do teletraballo, observarase neste apartado que outras medidas foron aplicadas nas empresas do sector para afrontar os desafíos da pandemia, cunha especial atención aos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE). Así, recóllese información non só sobre a porcentaxe de empresas que botaron man deles, senón tamén do tipo de ERTE máis utilizado (xornada parcial ou completa) ou a porcentaxe dos cadros de persoal aos que lles afectou.

A continuación, o apartado cuarto comeza analizando o grao de afectación da facturación no conxunto do 2020 e compara ese dato coa previsión realizada en xullo, así como coas perdas acumuladas ata ese momento. Tamén se observa que tipo de problemas están afrontando as empresas, atendendo principalmente a cuestións relacionadas co funcionamento cotián dos negocios (problemas de tesouraría, problemas de financiamento, provisión de materias primas, fluxos de demanda, condicionantes xurídicos etc.). Neste apartado analízanse tamén unha serie de variables relacionadas co emprego que recollen información tanto



sobre despedimentos xa realizados no sector como sobre futuras reducións de cadro de persoal.

Outro dos aspectos tratados é o relacionado con posibles investimentos previstos antes da pandemia e que, a causa desta, puideron ser aprazados ou mesmo desbotados. Pecha este apartado a valoración das medidas adoptadas a prol do eido empresarial polos distintos niveis da Administración (estatal, autonómica e local).

O apartado quinto indaga nas perspectivas de futuro a curto e medio prazo das empresas enquisadas, analizando cantas delas formulan a posibilidade de pechar nos próximos meses, cantas abordan o futuro inmediato confiando na recuperación do sector e o prazo en que confían esa recuperación, como cren que esta crise afectará á percepción da sociedade respecto das empresas da cultura galega, que medidas cren que terían un impacto positivo sobre o sector ou que oportunidades poden vir aparelladas a esta crise de cara ao futuro.

Pechan o informe unhas conclusións cos principais achados e a descrición da evolución das variables máis destacadas.

### **3. Situación empresarial e medidas adoptadas**

#### *3.1. Actividade no momento da enquisa*

Cando se achega o aniversario da declaración da pandemia da COVID-19 e a súa entrada en Galicia, a actividade das empresas culturais galegas mostra certa adaptación á “nova normalidade” a xulgar polos resultados dalgunhas variables. Así, nos 6 meses transcorridos dende xuño, incrementouse en case 9 puntos a porcentaxe de empresas cunha actividade “normal”, o que se corresponde cunha diminución case idéntica á porcentaxe das que permanecen cunha actividade “limitada”, pese a que aínda presentan un valor alto, 38,3%.

Apenas rexistra variación a porcentaxe das empresas que se atopan “sen actividade” (7,7%) se ben, como xa se comentou na introdución, é probable que todas ou boa parte das participantes na primeira onda que non

puideron ser localizadas desta volta cesasen a súa actividade, o que incrementaría esta porcentaxe, mais ao non participar nesta quenda do estudo non é posible cuantificalo con exactitude. En todo caso, non se pode esquecer que o cesamento de actividade temporal ou definitiva pode estar infrarrepresentado na mostra, xa que por definición é moi difícil contactar coas empresas nesta situación.

**Porcentaxe de empresas segundo a situación en se atopa nestes momentos**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Coa actividade normal	43,2	54,0
Cunha actividade limitada	49,2	38,3
Sen actividade	7,6	7,7

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe total de empresas con actividade normal agocha unha clara diferenza segundo sectores pois, mentres que se atopan en tal situación o 66,3% das que se dedican ás artes visuais e o 61,2% das que se dedican aos libros e á prensa, estas porcentaxes caen ao 48,6% no caso do audiovisual e multimedia e, aínda máis, ata o 18,4% no caso das artes escénicas. Este subsector é, con claridade, o que se atopa en peor situación, pois ten o 38,8% das súas empresas sen actividade ningunha (fronte a valores inferiores ao 6% nos tres subsectores restantes).

A porcentaxe de empresas cunha actividade normal é maior canto maior é o seu tamaño en termos de facturación (do 36,8% das que facturan menos de 50.000 euros pasa ao 64,8% das que facturan de 500.000 euros en diante). Esa peor situación das empresas que menos facturan apréciase tamén no feito de que son as que contan con maior porcentaxe de empresas inactivas (16,2%, fronte a valores que nos treitos restantes non pasan do 7,4%).

Un novo indicador desta paulatina adaptación á “nova normalidade” é o incremento (en case 10 puntos, ata o 77%) respecto dos datos de xullo da porcentaxe de empresas con todos ou case todos os seus traballadores

activos, é dicir, das que teñen entre o 76% e o 100% do seu persoal traballando.

**Porcentaxe do cadro de persoal das empresas que está actualmente traballando (incluído teletraballo)**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
0%	7,6	7,3
Entre o 1% e o 25%	6,9	1,7
Entre o 26% e o 50%	12,5	9,3
Entre o 51% e o 75%	5,6	4,7
Entre o 76% e o 100%	67,3	77,0

Fonte: Elaboración propia

Pero tamén neste caso se volve observar unha peor situación relativa das empresas das artes escénicas, pois só teñen entre o 76% e o 100% do seu persoal en activo o 46,9% delas, fronte ao 75,7% das empresas do audiovisual e multimedia e ao 84% no caso dos libros e prensa e das artes visuais. Ademais, o 32,7% das empresas das artes escénicas permanecen co 100% do seu persoal inactivo, porcentaxe que non chega ao 6% nos tres sectores restantes.

As empresas con menor facturación, por debaixo dos 50.000 euros, volven ser as que describen peor situación, pois o 14,7% teñen todo o seu persoal inactivo, porcentaxe que non chega ao 7,5% en ningún outro treito.

Nesta cuestión pódese atender tamén a segmentación segundo o volume de persoal, pois as empresas con maior volume de empregados son as que en menor medida teñen todo ou case todo o seu persoal activo (65%, fronte a valores entre o 74,2% e o 83,3% dos treitos inferiores).

### 3.2. O emprego do teletraballo

En canto ao traballo en remoto, o 26% das empresas do sector contan actualmente con parte do persoal en situación de teletraballo, porcentaxe que se reduciu en 4 puntos dende xullo. O 49,3% das empresas enquisadas non emprega esta opción ao considerar que non é viable na súa actividade, porcentaxe 5,1 puntos maior que en xullo. Tamén se

incrementou lixeiramente a porcentaxe de empresas que manifestan non empregar o teletraballo por traballar unha única persoa (9%) e a dos que non o empregaron por estar inactiva a empresa (5,7%).

**Empresas segundo contén ou non con traballadores en situación de teletraballo**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Si	30,0	26,0
Non, porque o teletraballo non é viable na súa actividade	44,2	49,3
Non, porque só traballa unha persoa	3,3	9,0
Non, porque a empresa está sen actividade	2,6	5,7
Non, houbo persoal en teletraballo pero xa se reincorporou	7,3	2,7
Non, porque non estaba preparada para o teletraballo	5,0	0,3
Non, por outras razóns	7,6	7,0

Fonte: Elaboración propia

O sector do audiovisual e multimedia é o que máis está a empregar o teletraballo (45,9%) e o dos libros e prensa é o que menos (13,4%) pois, ao ter unha proporción importante de establecementos comerciais abertos ao público, é o que en maior medida alega que o traballo a distancia non é viable na súa actividade (69,4%, porcentaxe que non chega ao 37% nos demais sectores).

De xeito coherente co visto ata o momento, o sector das artes escénicas é o que máis apunta a inactividade da empresa como razón para non optar polo traballo a distancia (28,6%), se ben a súa obxección máis habitual para o teletraballo é que non resulta viable nesa actividade (36,7%). En todo caso, actualmente optan polo teletraballo o 26,5% das empresas das artes escénicas.

A porcentaxe de empresas que contan con persoal en situación de traballo a distancia é máis elevada canto maior é o seu treito de facturación (do 17,6% das que non chegan a 50.000 euros pasa ao 35,2% das que facturan 500.000 euros en diante) e maior o seu volume de persoal (do 18,8% das que teñen só 1 ou 2 traballadores ao 47,5% das que contan con máis de 10).

En relación co teletraballo, quíxose saber tamén a porcentaxe do cadro de persoal afectado por esta situación en cada empresa. Descontada a porcentaxe de empresas que non está a botar man do traballo a distancia (74%), obsérvase que o 9,7% das empresas do sector cultural galego ten máis do 75% do seu persoal en situación de teletraballo, o 6,7% ten entre o 1% e o 25%, o 7,3% entre o 26% e o 50%, e o 2,3% restante entre o 51% e o 75%.

**Porcentaxe do cadro de persoal da empresa que está teletraballando actualmente**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
0%	70,0	74,0
Entre o 1% e o 25%	9,6	6,7
Entre o 26% e o 50%	8,3	7,3
Entre o 51% e o 75%	2,0	2,3
Entre o 76% e o 100%	9,6	9,7
Ns/Nc	0,7	0,0

Fonte: Elaboración propia

Por sectores, ten a máis da metade do seu persoal en teletraballo o 20% das empresas de artes visuais e ao redor do 16,2% das empresas das artes escénicas e do audiovisual e multimedia, o que contrasta co 4,5% das empresas de libros e prensa. Por facturación, a porcentaxe de empresas con máis da metade do cadro de persoal en traballo a distancia acada o 14,7% entre as que facturan menos de 50.000 euros, en contraste co 9,3% das que acadan ou superan o medio millón de euros.

O 57,7% das empresas estudadas perciben efectos positivos no traballo a distancia, mentres que un 12,8% considera que xera efectos negativos e un 28,2% valóraos de xeito neutro. Con estas cifras, e en comparación cos datos da primeira onda, pódese comprobar que se reduciu en 2,7 puntos a porcentaxe de empresas que mostra unha visión positiva do teletraballo e en 5,9 puntos a das que o ven en termos negativos, o que se corresponde

cun aumento en 9,5 puntos da porcentaxe das que reflicten unha visión neutra. En calquera caso, os datos seguen a evidenciar o predominio

dunha visión claramente positiva dos efectos do teletraballo entre as empresas da cultura galega que fan uso do traballo a distancia.

**Tras esta experiencia práctica co traballo en remoto, diría Vde. que para a súa empresa o teletraballo ten efectos...?**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Moi positivos	18,7	11,5
Algo positivos	41,8	46,2
Neutros	18,7	28,2
Algo negativos	14,3	7,7
Moi negativos	4,4	5,1
Ns/Nc	2,2	1,3

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que contan con persoal en situación de teletraballo (91 en xullo '20 e 78 en xaneiro '21)

Se se analizan as respostas nominais como valoracións nunha escala do 1 ao 5, na que o 1 é a peor valoración e o 5 a mellor, estas empresas puntuarían o teletraballo cun valor medio do 3,52, é dicir, máis de medio punto por riba da posición neutra, polo que, en conxunto, estaríase a falar dunha valoración netamente positiva desta práctica entre as empresas do sector. Tal valor medio é só 5 centésimas inferior ao rexistrado na primeira onda do estudo, polo que se pode afirmar o mantemento desa visión positiva dende entón.

**Valoración dos efectos do teletraballo nas empresas tras a experiencia práctica anterior (Escala 1 ao 5)**

Valoración (1-5)	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan '21)
Media	3,57	3,52
Desviación típica	1,10	0,98

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que contan con persoal en situación de teletraballo (91 en xullo '20 e 78 en xaneiro '21)

Por sectores, a valoración media do teletraballo rexistra o seu valor menos elevado entre as empresas das artes escénicas (3,23) e o máis alto entre as

das artes visuais e as do audiovisual e multimedia (3,63 en ambos os casos). Tamén mostra valores máis elevados canto maior é o treito de facturación das empresas (pasando do 3,17 das que non chegan aos 50.000 euros ao 3,74 das que acadan ou superan o medio millón de euros). A segmentación por número total de persoas empregadas indica que só baixa do 3 (2,86) entre as empresas de 1 a 2 empregados, mentres que nas de 3 a 10 rolda o 3,9.

O 51,3% das empresas que actualmente teñen algún persoal en situación de teletraballo cre que esta modalidade permanecerá máis alá da crise sanitaria, porcentaxe que se incrementou en 7,3 puntos dende xullo. O 29,5% desbota esa posibilidade.

**Pensa que na súa empresa o traballo en remoto vai permanecer máis alá da crise sanitaria?**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Si	44,0	51,3
Non	35,2	29,5
Tal vez	20,9	19,2

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que contan con persoal en situación de teletraballo (91 en xullo '20 e 78 en xaneiro '21)

A resposta afirmativa destaca entre as empresas con menor facturación, menos de 50.000 euros (75%, fronte a valores entre o 42% e o 48% nas empresas que facturan de 150.000 euros en diante).

### *3.3. Medidas adoptadas para afrontar a crise*

A análise das medidas adoptadas polas empresas do sector cultural para afrontar as dificultades impostas pola pandemia amosa unha notable diferenza entre o presente e a situación de hai tan só seis meses. Por unha parte, a porcentaxe de empresas que non está a aplicar ningunha medida



específica é do 34,9%, cando na primeira edición do estudo só o 5,3% non tiña en marcha ningunha destas medidas.

Por outra parte, medidas como o cesamento da actividade da empresa, que en xullo lle afectara a un elevado número de negocios (61,4%), rexistran a inicios deste 2021 porcentaxes drasticamente inferiores (8,1%). Cómpre lembrar que as persoas participantes na onda de xullo referían nesta variable as medidas que estaban a adoptar naqueles momentos, pero tamén as que acababan de aplicar nos tres meses inmediatamente anteriores, é dicir, nos primeiros meses da pandemia en España, que coincidiron co confinamento estrito.

Polo demais, a táboa mostra que no presente as tres medidas máis utilizadas son o mencionado teletraballo (26,2%), o establecemento de quendas ou a modificación do horario laboral (25,5%) e a redución de actividade (21,5%). As tres experimentaron unha notable diminución porcentual dende xullo, en especial o teletraballo e a redución de actividade (11,1 e 14,5 puntos menos, respectivamente). Tras estas tres medidas máis habituais, supera, cando menos o 10%, o recurso ao ERTE cun 14,1%, porcentaxe que supón un descenso desta medida de 24,5 puntos, polo que pasa de ser a segunda medida máis empregada no anterior estudo á cuarta posición no actual.

Con porcentaxes xa por debaixo do 10% sitúanse a modificación do calendario laboral (8,7%) e o xa citado cesamento da actividade empresarial (8,1%). As demais medidas son aplicadas por non máis do 5% das empresas.

#### Medidas adoptadas para afrontar a situación actual (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Teletraballo	37,3	26,2
Quendas ou modificación de horario laboral	27,4	25,5
Redución da actividade	36,0	21,5
ERTE	38,6	14,1
Modificación do calendario laboral	13,5	8,7
Cesamento da actividade da empresa	61,4	8,1
Vacacións	5,6	5,0
Axudas a autónomos	4,6	4,0



Permiso retribuído recuperable	4,0	1,0
Bolsa de horas	2,6	0,7
Outra/s	5,9	0,0
Ningunha	5,3	34,9
Nc	4,3	4,7

Fonte: Elaboración propia

Por sectores, comprobouse que nas artes escénicas se está a recorrer de xeito moi destacado ao cesamento da actividade (38,8% —nos demais sectores a porcentaxe non pasa do 5,4%—) e á redución da actividade (32,7%), polo que o 71,4% das empresas vinculadas ás artes escénicas está actualmente en situación de cesamento ou redución da súa actividade, cifra que duplica a rexistrada no conxunto da mostra.

Medidas como os ERTE foron tamén especialmente aplicadas polas empresas das artes escénicas (22,4%, fronte a valores que nos demais sectores non pasan do 15%). As porcentaxes de empresas en ERTE destacan entre as de maior facturación, é dicir, de 500.000 euros en diante (27,8% —en contraste con valores entre o 8,2% e o 14,1% nos demais treitos de facturación—), e nas de maior volume de persoal (25%, fronte ao 3,5% das que non pasaban dos 2 traballadores).

O ERTE de xornada completa está a ser o máis habitual entre as empresas que botaron man deste recurso (59,5%), porcentaxe á que se lle podería engadir o 16,7% das que combinan o ERTE de xornada completa para unha parte do seu persoal coa redución parcial da xornada para outra parte das persoas empregadas. O 23,8% restante das 42 empresas que nesta segunda onda dixeron que estaban nun expediente de regulación temporal de emprego empregou só a modalidade de redución de xornada.

#### Empresas que aplicaron un ERTE

	2ª onda (xan. '21)	
	Nº de empresas	Porcentaxe
ERTE de xornada parcial	10	23,8
ERTE de xornada completa	25	59,5
Ambos	7	16,7

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás 42 empresas que nestes momentos están aplicando un ERTE

Se as empresas das artes escénicas eran, como xa se indicou, as que en maior medida aplicaron expedientes de regulación temporal de emprego, compróbase agora que ademais destacan na elección da modalidade de xornada completa (81,8%, porcentaxe que nos demais sectores non pasa do 55%).

En canto ao volume de persoal afectado polos ERTE, obsérvase que o 6,3% das empresas enquisadas o aplicaron a entre o 26% e o 50% do cadro de persoal e o 3,7% a máis do 75%. A afectación aos demais treitos rexistra porcentaxes por debaixo do 4%. A comparación dos datos de xullo evidencia unha caída drástica dos ERTE que afectaban a máis do 75% do cadro de persoal. Entón aplicábanos o 25,1% das empresas enquisadas e agora o 3,7%.

**Empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal ao que lle afectou o ERTE**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
0% (A empresa non está en situación de ERTE)	61,4	86,0
Entre o 1% e o 25%	2,0	2,0
Entre o 26% e o 50%	6,3	6,3
Entre o 51% e o 75%	4,6	2,0
Entre o 76% e o 100%	25,1	3,7
Ns/Nc	0,7	0,0

Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos revela que as empresas que en maior medida están a aplicar ERTE a máis do 75% do seu persoal son as de maior volume en termos de facturación (11,1%, fronte a valores por debaixo do 4% nos demais treitos de ingresos) e en termos de persoal (10%, fronte a valores por debaixo do 5%). Atendendo ao sector, e na liña do observado ata este punto, compróbase que é de novo entre as empresas vinculadas ás artes escénicas nas que é maior a porcentaxe das que teñen máis do 75% do seu cadro de persoal en ERTE (10,2%).



## 4. O impacto da COVID-19

### 4.1. Impacto sobre a facturación

As empresas da cultura galega viron notablemente afectada a súa facturación por mor da crise da COVID-19. Non obstante, os datos finais relativos ao conxunto de 2020 presentan mellores cifras que ás da primeira metade do ano —recollidas en xullo— e que as estimacións feitas nese momento con respecto ao que acontecería no conxunto do exercicio.

Se se compara o impacto da crise na facturación do primeiro semestre de 2020 coa do conxunto do ano obsérvase, en primeiro lugar, que, se en xullo o 37,6% manifestaba que sufrira unha caída de máis do 75% na súa facturación en relación co mesmo período do ano anterior, unha vez finalizado o ano esta porcentaxe cae 25 puntos, ata situarse no 12,7%, polo que a máis habitual é a que sinala reducións de entre o 26% e o 50% (32,3%). Tamén son menos as empresas que indican caídas do segundo treito máis elevado, é dicir, de entre o 51% e o 75% (do 23,1% de xullo ao 15,7% de xaneiro). Deste xeito, as empresas que sufriron un descenso de máis do 50% na súa facturación supoñían o 60,7% en xullo, cifra que ao final de ano descendeu ata o 28,4%.

Como consecuencia e de maneira proporcional, crece a porcentaxe das que indican que non sufriron ningunha redución ou ben mesmo lograron incrementar a súa facturación respecto de 2019 (do 5,6% de xullo pasouse ao 14,3% de xaneiro, o 10% non tivo perdas e o 4,3% restante incrementou a facturación<sup>10</sup>). En todo caso, máis do 80% das empresas do sector sinala que esta crise afectou negativamente á súa facturación no 2020.

---

<sup>10</sup> No barómetro anterior non se contemplaba o incremento de facturación.



### Impacto da crise da COVID-19 sobre a facturación do negocio

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
	Facturación do 1º semestre 2020	Facturación do conxunto do 2020
Incremento da facturación	...	4,3
0% (Ningún efecto)	5,6	10,0
Redución de entre o 1% e o 25%	11,6	20,0
Redución de entre o 26% e o 50%	19,8	32,3
Redución de entre o 51% e o 75%	23,1	15,7
Redución de entre o 76% e o 100%	37,6	12,7
Ns/Nc	2,3	5,0

Fonte: Elaboración propia

Se a comparación se establece entre as expectativas que en xullo se expresaban respecto da facturación do conxunto do ano e os resultados rematado este, compróbase que, se ben a pandemia xerou efectos claramente negativos na facturación das empresas do sector, estes foron menores aos previstos en xuño. Dese xeito, aínda que tanto na estimación como nos datos reais a maioría das empresas se sitúan nunha redución da facturación de entre o 26% e o 50% (o 29,4% en xullo e o 32,3% en xaneiro), as categorías que apuntarían maiores caídas reducíronse e as que indican as menores caídas incrementáronse. Se en xullo o 43,6% das empresas auguraba para 2020 unha facturación inferior en máis do 50% á de 2019, na realidade rexistrou tal caída o 28,4%. De forma coherente, se estimaban perdas de menos do 26% o 15,2% das empresas, atopáronse realmente nese escenario o 20%, ao tempo que a porcentaxe prevista de empresas sen impacto negativo pasou dunha previsión do 3,3% a unha situación real do 14,3%.



### Impacto da crise da COVID-19 sobre a facturación do negocio

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
	Facturación estimada para o conxunto do 2020	Facturación real do conxunto de 2020
Incremento da facturación	3,3	4,3
0% (Ningún efecto)		10,0
Redución de entre o 1% e o 25%	15,2	20,0
Redución de entre o 26% e o 50%	29,4	32,3
Redución de entre o 51% e o 75%	27,4	15,7
Redución de entre o 76% e o 100%	16,2	12,7
Ns/Nc	8,6	5,0

Fonte: Elaboración propia

Se pola súa maior gravidade e capacidade para describir as dificultades polas que están pasando as empresas se presta atención a aquelas que manifestan que sufriron no 2020 unha caída de máis do 50% da súa facturación, compróbase que esta é unha situación pola que está pasando o 61,2% das empresas vinculadas ás artes escénicas, cifra que duplica a rexistrada para o conxunto da mostra, pois o segundo sector con maior afectación na súa facturación é o das artes visuais, cunha porcentaxe xa claramente inferior (36,3%). O ámbito dos libros e prensa é no que se rexistra a menor porcentaxe de empresas que viron reducida a súa facturación por riba do 50% (13,4%). Esa caída de máis do 50% da facturación afecta especialmente ás empresas de menor facturación (48,5%), porcentaxe que se reduce a medida que ascende no volume de facturación, ata o 16,7% entre as de 500.000 € ou mais.

Se, para analizar o extremo contrario, se considera de forma agregada as empresas que non tiveron ningunha caída na facturación e as que a melloraron en 2020, compróbase que por sectores son as empresas do audiovisual e multimedia as que en maior medida sinalan tal situación (21,6%, fronte ao 6,1% das artes escénicas).



#### 4.2. Problemas actuais das empresas ante a crise da COVID-19

Para coñecer os problemas aos que están facendo fronte as empresas do sector cultural pedíuselles que sinalasen aqueles que máis lles están a afectar, dunha lista de posibilidades pechada, pero que inclúe unha categoría residual en aberto para poder incorporar calquera cuestión non contemplada *a priori* no cuestionario. Esa mesma listaxe, empregada na primeira edición do estudo, presenta valores moi similares nalgún deses problemas e datos moi dispares noutros, froito dunha situación económica e de consumo distinta á de hai seis meses, pero aínda fortemente condicionada pola pandemia e as medidas de contención adoptadas polas administracións e a cidadanía.

Así as cousas, o problema máis citado segue a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (cunha porcentaxe só lixeiramente inferior á de xullo —80%—). Tamén permanecen como segundo e terceiro problemas máis sinalados os relativos á tesouraría (42,3%) e ás dificultades para pagar impostos e seguros sociais (35,3%), se ben o primeiro cae en 10,8 puntos dende a primeira onda e o segundo en 4 puntos. Os problemas cos provedores, que na primeira onda ocupaban a cuarta posición por orde de mención, baixan agora ata o sétimo lugar (20,3%), e agora sitúanse en cuarto lugar os problemas derivados das limitacións de cabida (32,3%, 10,5 puntos máis que en xullo).

Pechan a listaxe e que afectan a menos do 25% das empresas os problemas de distribución (24,3%), os problemas de financiamento (22,7%), os xa citados cos provedores, a inseguridade xurídica e dificultades para cumprir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene, que nestes momentos afectan ao 6,7% das empresas (un 13,5% en xullo). Tamén se pode apuntar a “incerteza”, dificultade non rexistrada en xullo, pero que en xaneiro foi sinalada espontaneamente —na categoría "outros"— polo 4% das empresas, polo que mereceu constituír categoría específica na táboa.



**Porcentaxe de empresas segundo os problemas aos que se enfrontan como consecuencia da COVID-19**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Cesamento ou caída da actividade da clientela (problemas de demanda, caída dos pedidos)	81,5	80,0
Problemas de tesouraría	53,1	42,3
Dificultades para pagar impostos e seguros sociais	39,3	35,3
Problemas derivados das limitacións de cabida	21,8	32,3
Problemas de distribución	28,7	24,3
Problemas de financiamento (préstamos, bancos etc.)	25,1	22,7
Problemas cos provedores (carencias de subministracións e/ ou servizos externalizados)	30,0	20,3
Inseguridade xurídica	19,8	19,0
Problemas para cumprir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene	13,5	6,7
Incerteza	...	4,0
Outros	2,6	3,7

Fonte: Elaboración propia

O cesamento ou caída da actividade da clientela afecta de modo moi desigual segundo os sectores, pois mentres que o sinala como problema o 67,6% das empresas do audiovisual e multimedia, as porcentaxes superan o 80% nos tres sectores restantes.

Os problemas de tesouraría son especialmente mencionados polas empresas do sector das artes escénicas (53,1%), o máis afectado pola inactividade, mentres que se rexistran valores de arredor do 40% nos tres restantes. Por outro lado, atendendo á segmentación por volume de facturación, obsérvase que as empresas cunha facturación de 500.000 euros ou máis son as que menos padecen esta dificultade (faino o 31,5%, pero as porcentaxes superan o 43% nos restantes treitos, chegando ao 47,1% entre as de menos de 50.000 euros).

Como aspecto relacionado cos problemas de tesouraría, tamén as dificultades para pagar impostos e seguros sociais están a ser máis frecuentes entre as empresas das artes escénicas (40,8%, máis de 10 puntos máis que as empresas do sector audiovisual e multimedia). Trátase



.....

dun problema máis sinalado polas empresas canto menor é a súa facturación (do 16,7% das que facturan 50.000 euros ou máis pásase ao 48,5% das que non chegan aos 50.000 euros).

As empresas do sector das artes escénicas son tamén as máis afectadas polas limitacións de cabida (63,3%), problema tamén moi sinalado polas do sector audiovisual e multimedia (56,8%) e que apuntan en moi inferior medida as dos sectores dos libros e prensa (22,4%) e as artes visuais (18,8%).

Ademais, os problemas de distribución son especialmente citados polas empresas do sector das artes escénicas (30,6%), ás que acompañan neste caso as do sector dos libros e prensa (29,9%), en claro contraste coas das artes visuais e as do audiovisual e multimedia (15% e 16,2%, respectivamente).

As dificultades de financiamento son máis citadas neste momento polas empresas do sector audiovisual e multimedia (27%, 9,5 puntos máis que as das artes visuais) e son máis habituais canto menor é o volume de facturación (os valores pasan do 18,5% do segmento das que facturan medio millón ou máis ao 27,9% das que non chegan aos 50.000 euros).

Os problemas cos provedores por carencias de subministracións ou servizos son especialmente citados polas empresas do sector dos libros e prensa (23,9%) e polo das artes visuais (21,3%), pero afectan a menos do 10% das do audiovisual e multimedia (8,1%).

As empresas do sector das artes escénicas volven destacar polo grao no que lles afecta a inseguridade xurídica (40,8%, fronte a valores entre o 10,8% e o 16,4% dos demais sectores). Este problema incide en maior medida nas empresas do treito máis alto de facturación (25,9%, 14,2 puntos máis que as do treito máis baixo).

Os problemas para cumprir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene son máis citados polas empresas das artes escénicas (14,3%) e do audiovisual e multimedia (10,8%), pois nos dous sectores restantes presentan porcentaxes por debaixo do 5%.

#### *4.3. Recortes de persoal*

Nos últimos seis meses incrementouse en 3,5 puntos a porcentaxe de empresas que acometeron algún despedimento de persoal (do 9,2% de xullo ao 12,7% de xaneiro).

**Porcentaxe de empresas que tiveron que reducir o cadro de persoal con despedimentos**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Non se despediu a ninguén	90,8	87,3
Si houbo despedimentos	9,2	12,7

Fonte: Elaboración propia

As empresas do sector das artes escénicas son as que en maior medida realizaron despedimentos (prescindiron de persoal o 28,6%, valor que nos demais sectores se mantivo entre o 8,1% e o 10%). A porcentaxe de empresas que despediu persoal acada os seus valores máis altos nos dous segmentos de maior volume de persoal (16,7% —de 6 a 10 empregados— e 17,5% —máis de 10 empregados—, fronte aos respectivos 11,1% e 10,1% dos dous segmentos de 1 a 2 ou de 2 a 5 empregados).

Estes datos poñen de manifesto como a crise da COVID-19 segue a destruír emprego nas empresas do sector cultural. De feito, se se atende aos valores absolutos indicados polas empresas da mostra, aos 192 despedimentos levados a cabo no primeiro semestre de 2020 polas 303 empresas da primeira onda, hai que engadir os 110 realizados no segundo semestre polas 300 que participaron na segunda e que constitúe o 5% do emprego<sup>11</sup>.

**Repercusión da COVID-19 sobre o emprego nas empresas da cultura galega**

	Nº de despedimentos
1ª onda (xullo '20)	192
2ª onda (xullo '20)	110

Fonte: Elaboración propia

Outro indicador da destrución de emprego que se está a producir no sector é a notable diferenza que se observa entre os 2.916 traballadores cos

<sup>11</sup> Calculado sobre o total de contratados en alta ao final do exercicio.

que contaban o 31 de decembro de 2019 as 303 empresas que participaron na primeira onda e os 2.196 cos que contaban o 31 decembro de 2020 as 300 que participaron nesta segunda edición.

#### Repercusión da COVID-19 sobre o emprego nas empresas da cultura galega

	Nº de traballadores
1ª onda (xullo '20)	2.916
Traballadores a finais de 2019	
2ª onda (xullo '20)	2.196
Traballadores a finais de 2020	

Fonte: Elaboración propia

En canto ao volume de traballadores despedidos por empresa nestes meses, o 63,2% das empresas que acometeron despedimentos prescindiron dun ou dous traballadores (1,1 punto menos que en xullo). O 23,7% prescindiu de entre 3 e 5 (13 puntos máis que no pasado estudo) e o 7,9% entre 6 e 10 (8 décimas máis). O despedimento do maior treito de traballadores, máis de 10, caeu ata a metade do rexistrado en xullo (do 10,7% ao 5,3%).

#### Porcentaxe de empresas segundo o número de traballadores aos que lles afectou o despedimento

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
1 ou 2 empregados	64,3	63,2
De 3 a 5 empregados	10,7	23,7
De 6 a 10 empregados	7,1	7,9
Máis de 10 empregados	10,7	5,3
Ns/Nc	7,1	0,0

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que tiveron que reducir o cadro de persoal con despedimentos (28 en xullo '20 e 36 en xaneiro '21)

Tras recoller información sobre os despedimentos nestes últimos meses, quíxose saber tamén que expectativas manteñen ao respecto para os vindeiros meses. Os datos amosan que o 17,3% das empresas da cultura galega contempla a posibilidade de reducir o seu cadro de persoal nos

próximos meses, porcentaxe practicamente idéntica á recollida en xullo, polo que, a pesar dos axustes de persoal xa producidos, este indicador apunta a que nos vindeiros meses, e de seguir igual a situación, se continuará afondando na destrución de emprego no sector cultural galego.

**Porcentaxe de empresas segundo a posibilidade de redución do seu cadro de persoal nos próximos meses**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Non	74,3	73,7
Si	17,8	17,3
Ns/Nc	7,9	9,0

Fonte: Elaboración propia

A previsión de despedimentos é especialmente elevada entre as empresas do sector das artes escénicas —unha vez máis o que achega os peores datos, pois contempla a posibilidade de prescindir de persoal nos próximos meses o 34,7%, valor que no sector de libros e prensa e no das artes visuais fica en arredor do 15% e que no do audiovisual e multimedia non pasa do 5,4%. A afirmación da posibilidade de despedir persoal é maior canto maior é tamén o volume de facturación das empresas (as porcentaxes pasan do 7,4% das que non chegan a 50.000 euros ao 24,1% das que facturan cando menos 500.000 euros) e maior o volume de persoal (neste caso as porcentaxes pasan do 5,1% das empresas con só 1 ou 2 empregados ao 32,5% das que teñen máis de 10).

Os despedimentos dos próximos meses afectarían de forma maioritaria a 1 ou 2 dos empregados das empresas que reducirían o cadro de persoal, pois así o indica o 67,3% delas, porcentaxe que se eleva considerablemente respecto de xullo (en 15,4 puntos), ao tempo que se reduce a das que acometerían recortes de maior envergadura (a redución de entre 3 e 5 empregados cae en 8,7 puntos ata o 13,5%, a de 6 a 10 empregados en 3,7 puntos ata o 1,9% e a de máis de 10 empregados en 5,3 puntos ata o 7,7%.

**Porcentaxe segundo o número de traballadores aos que lles podería afectar o despedimento**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
1 ou 2	51,9	67,3



De 3 a 5	22,2	13,5
De 6 a 10	5,6	1,9
Máis de 10	13,0	7,7
Ns/Nc	7,4	9,6

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que cren que nos próximos meses poden ter que reducir o cadro de persoal con despedimentos (54 en xullo '20 e 52 en xaneiro '21).

Atendendo aos datos absolutos indicados polas 300 empresas que participaron nesta segunda onda do estudo, pódese sinalar que 169 dos seus empregados (o 7,6% do total) poden ver perigar o seu posto de traballo nos vindeiros meses.

#### Repercusión da COVID-19 sobre o emprego nas empresas da cultura galega

	Despedimentos previstos
1ª onda (xullo '20)	273
2ª onda (xullo '20)	169

Fonte: Elaboración propia

#### 4.4. Repercusións sobre os investimentos previstos

O 56,3% das empresas do sector cultural galego manifestan que adiaron (31%) ou desbotaron (25,3%) os investimentos que tiñan previsto realizar no seu negocio no 2020. Esa porcentaxe é 7,5 puntos maior que a recollida en xullo do pasado ano, incremento que se debe ao maior número de empresas que desbotaron estes investimentos (8,5 puntos máis). Á hora de comparar este datos, debe terse en conta que a porcentaxe de “Ns/Nc” se reduciu en máis de 17 puntos porcentuais entre ambas as ondas.

#### Porcentaxe de empresas que adiaron ou desbotaron a posibilidade de realizar algún investimento a causa da crise da COVID

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xaneiro '21)
Adiárona	32,0	31,0
Desbotárona	16,8	25,3
Non	31,7	41,3
Ns/Nc	19,5	2,3

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe agregada das empresas que tiveron que adiar e a das que tiveron que desbotar algún investimento elévase ao 79,6% entre as dedicadas ás artes escénicas. Esas respostas son tamén maioritarias entre as dedicadas ao audiovisual e multimedia (62,2%) e ás artes visuais (53,8%), ao tempo que acada o 47,8% no caso das dedicadas aos libros e á prensa.

#### 4.5. Valoración das medidas adoptadas polas administracións públicas

Ao igual que en xullo, cando se someteu a valoración o apoio prestado polos diferentes niveis da Administración, ningunha das tres administracións analizadas acada o aprobado entre as empresas culturais, xa que presentan puntuacións medias inferiores ao 4 nunha escala do 0 ao 10. A Administración autonómica é a que rexistra unha valoración máis alta, 3,6, séguela a estatal, cun 3,49, e a peor valorada é a Administración local, que recibe un 3,26.

Cos valores recollidos nesta segunda onda constátase unha importante deterioración dende xullo da valoración recibida pola Administración do Estado (pasou dun 4,54 a un 3,49) e, en menor medida, da recibida pola autonómica (2 décimas menos). Só a local logra certa mellora (0,16 puntos máis), o que non evita que siga a ser a peor valorada. En todo caso, a valoración do apoio dos concellos e as deputacións é a que presenta maior desviación típica, o que reflicte unha maior heteroxeneidade das puntuacións recollidas: tamén son presumiblemente moito máis dispares as actuacións das diversas administracións locais.

#### Valoración do apoio prestado a cada sector por parte das administracións (estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (Escala do 0 ao 10)

Valoración (0-10)	1ª onda (xullo '20)		2ª onda (xaneiro '21)	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
Nivel estatal	4,54	2,89	3,49	2,92
Nivel autonómico	3,86	2,94	3,6	2,83
Nivel local (concellos e deputacións)	3,12	3,2	3,26	3,12

Fonte: Elaboración propia

.....

A puntuación lograda polo apoio brindado dende a Administración estatal acada o 4 entre as empresas do sector audiovisual e multimedia (4,40) pero baixa do 3 entre as das artes escénicas (2,96).

A Administración autonómica consegue a súa mellor valoración por sectores entre as empresas dedicadas ás artes visuais (3,90) pero, coma o Estado, fica mesmo por debaixo do 3 entre as das artes escénicas (2,96). Segundo a facturación, son as empresas dos dous treitos máis altos as que achegan as maiores puntuacións ao apoio da Administración autonómica (3,94 para empresas que facturan entre 150.000 e 499.999 euros e 4,11 para as que facturaron de 500.000 euros en diante).

O apoio da Administración local é o que recolle peores puntuacións en todos os segmentos da análise en función do sector de actividade, o nivel de facturación e o número total de empregados. Esas puntuacións caen mesmo por debaixo do 3 entre as empresas das artes escénicas (2,64, fronte ao 3,63 das do sector audiovisual e multimedia).

## 5. Previsión da evolución, oportunidades e percepción social

### 5.1. Previsións a curto e medio prazo

O 44,3% das empresas enquisadas son pesimistas sobre a evolución do seu negocio, pois consideran que a final de 2021 estarán peor que a comezos do 2020. No extremo contrario, un 20% estima que a final de 2021 estarán mellor que antes do inicio da pandemia.

Se ben é certo que estes datos non son directamente comparables cos recollidos na primeira onda, pois os de xullo se referían a finais de 2020, non deixa de ter interese comprobar que, aínda que as perspectivas pesimistas seguen a ser as máis frecuentes, supoñen agora 13,8 puntos porcentuais menos, ao tempo que as optimistas se incrementaron en 11,4 puntos.

**Cre Vde. que cara a finais de ano o seu negocio estará mellor, peor ou igual que antes da pandemia?**

1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
(Referido a finais de 2020)	(Referido a finais de 2021)

---



Mellor	8,6	20,0
Igual	25,7	25,0
Peor	58,1	44,3
Ns/Nc	7,6	10,7

Fonte: Elaboración propia

En liña co observado ata este punto, as empresas das artes escénicas son as que mostran maior pesimismo con respecto á situación do sector cultural a finais de ano, pois cren que estarán peor que antes da pandemia o 65,3%, porcentaxe que está por debaixo do 40% entre as empresas do audiovisual e multimedia e as das artes visuais (36,3%) e no 44,8% nas de libros e prensa.

Se se analizan conxuntamente a anterior variable coa que solicita a aqueles que cren que a situación estará peor a finais de ano que indiquen en canto tempo estiman que mellorará, pódese observar que entre ese 44,3% de empresas pesimistas predominan as que cren que a situación non mellorará ata que transcorran 2 anos (20,3%). As porcentaxes redúcense conforme se acurta o prazo, pois o 10,3% cre que a situación mellorará cando pase entre ano e medio e dous anos e o 5,3% cre que mellorará no prazo dun ano a ano e medio.

**Cre Vde. que cara a finais do 2021 o seu negocio estará mellor, peor ou igual que antes da pandemia? En canto tempo estima que recuperará o nivel previo á crise no seu negocio?**

	2ª onda (xan. '21)	
	Nº de empresas	Porcentaxe
Estará mellor	60	20,0
Estará igual	75	25,0
Non sabe como estará	32	10,7
Peor / Mellorará cando pasen de 12 a 18 meses	16	5,3
Peor / Mellorará cando pasen de 18 a 24 meses	31	10,3
Peor / Mellorará cando pasen máis de 2 anos	61	20,3
Peor / Non sabe cando mellorará	25	8,3

Fonte: Elaboración propia

Por sectores, as empresas que máis lonxe sitúan o punto de inflexión da situación do sector cultural volven ser as das artes escénicas, pois o 28,6%



delas cre que non se mellorará ata pasados os dous anos, fronte a valores ao redor do 13,5% das dedicadas aos libros e á prensa e as dedicadas ao audiovisual e multimedia.

A segmentación por volume de facturación indica que son as que se atopan nos dous segmentos máis baixos —de menos de 150.000 euros— as que máis cren nunha recuperación tardía (25% e 25,6%, fronte ao 13% das que facturan entre 150.000 e 499.999 euros).

Pese á mellora dalgúns dos indicadores que se analizaron e que apuntan a unha certa adaptación á "nova normalidade" e a un lixeiro descenso do pesimismo, a porcentaxe de empresas que formulan a posibilidade de pechar ao longo dos próximos meses elévase en máis de 3 puntos dende xullo, pois pasa do 11,9% sinalado entón ao 15,3% actual.

**Porcentaxe de empresas segundo a posibilidade de ter que proceder ao peche empresarial nos próximos 6 meses**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Si	11,9	15,3
Non	81,8	80,3
Ns/Nc	6,3	4,3

Fonte: Elaboración propia

Ao analizar a expectativa de peche das empresas do sector cultural, resulta tamén de interese observar cantas empresas puideron ter pechado dende a anterior onda do estudo. Para achegarse a esa cifra pódese analizar a "mortalidade" que se produciu entre as 303 empresas que participaron na primeira edición do estudo, é dicir, o número de peches producidos nesa mostra, o que permitirá achegarse a unha estimación da porcentaxe de empresas que están a desaparecer ao longo da pandemia. Desas 303 empresas analizadas en xullo, unha declinou colaborar de novo indicando que xa estaba pechada dende finais do verán, ao tempo que outras dúas que si participaron na segunda onda apuntaron que tras un certo tempo de inactividade finalmente pecharon ao remate de 2020. A estas tres empresas das que hai constancia do seu peche poderíanse engadir as 12 que, aínda que participaran en xullo, non puideron ser contactadas de



novo por vía telefónica, ben porque o teléfono de contacto empregado na primeira onda agora se corresponde con outro titular sen relación ningunha coa empresa, ben porque a compañía telefónica indica que a liña xa non existe. Con estes datos, pódese estimar unha "mortalidade" empresarial entre as empresas que participaron na primeira onda do 4,95%. En calquera caso, é un dato que debe tomarse con cautela.

Se se analiza por sector e volume de facturación a porcentaxe de empresas que consideran a posibilidade do peche empresarial nos próximos seis meses, destacan de novo os segmentos que se amosaban máis pesimistas a finais de ano. Así, formulan a posibilidade do peche o 36,7% das dedicadas ás artes escénicas, porcentaxe que non pasa do 13,8% nos demais sectores e que mesmo baixa do 10% entre as empresas dedicadas aos libros e á prensa (9%).

Tamén se fai notar o volume de facturación, pois afirman que contemplan esa posibilidade o 19,1% das que facturan menos de 50.000 euros e o 22,1% das que facturan entre 50.000 e 149.999 euros, valores que fican no 12% no segmento de 150.000 a 499.999 e baixan ata o 5,6% no de 500.000 euros ou máis.

Ao preguntarlles polas expectativas de futuro do conxunto do sector cultural, segue a predominar o pesimismo, pois o 29,6% das empresas cre que dentro de seis meses o sector estará mellor (o 28,3% cre que estará algo mellor e o 1,3% que estará moito mellor), pero o 37% sostén o contrario (o 24% cre que estará algo peor e o 13% que estará moito peor). Ademais, a categoría "igual que agora", que non pode ser interpretada como unha previsión optimista, acada o 24%. En canto á evolución dende a primeira onda, pódese sinalar que se incrementou en 2,9 puntos a porcentaxe de respostas optimistas e caeu en 8,9 a das respostas pesimistas, o que indica certa melloría na confianza no futuro, aínda que tamén se incrementou a da resposta que afirma que o sector seguirá igual que agora en seis meses (en 4,5 puntos).

**Porcentaxe de empresas segundo a súa opinión sobre a situación do seu sector dentro de 6 meses**



	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Moito mellor que agora	1,0	1,3
Algo mellor que agora	25,7	28,3
Igual que agora	19,5	24,0
Algo peor que agora	29,7	24,0
Moito peor que agora	16,2	13,0
Ns/Nc	7,9	9,3

Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos revela que a agregación das respostas que indican un empeoramento da situación predomina no sector das artes escénicas (44,9%) e no dos libros e prensa (41%). No das empresas audiovisuais e multimedia equipárase coa opción de quen apunta que seguirá igual que agora (32,4% en ambos os casos). Deste xeito, só entre as empresas das artes visuais predomina unha visión optimista sobre a situación do sector no prazo de seis meses (37,5%, 10 puntos máis que a resposta pesimista).

Se se consideran estas respostas como puntuacións dunha escala cuantitativa entre o 1 e o 5, na que o 1 significa que o sector estará moito peor, o 3 que estará igual e o 5 que estará moito mellor, a medida de resumo resultante é unha puntuación media no presente de 2,79 puntos, o que supón unha moi lixeira mellora dende xullo, cando se cifraba nunha media de 2,63 puntos.

**Como cre que estará o seu sector dentro de 6 meses? (Escala 1 ao 5)  
(Media e desviación típica)**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Media	2,63	2,79
Desviación típica	1,10	1,08

Fonte: Elaboración propia

Por sectores, a puntuación media máis alta nestas expectativas a 6 meses para o sector cultural, e, por tanto, máis afastada do "algo peor" é, ao igual que en xullo, a que achegan as empresas das artes visuais (3,06, fronte ao 2,64 das dedicadas ás artes escénicas e o 2,66 das dedicadas aos libros e á prensa). Os valores medios son moi similares entre os diversos treitos de facturación, pois varían menos dunha décima (oscilan entre o 2,74 das que

facturan 500.000 euros en diante e o 2,83 das que non chegan aos 50.000 euros).

### 5.2. Oportunidades para o sector cultural

Se as crises poden ser entendidas como oportunidades para a introdución de cambios que resulten favorables, tamén as empresas da cultura galega poden estar atopando na situación actual fiestras de oportunidade para tirar proveito de situacións que ofrezan vantaxes no futuro. Así as cousas, parte das empresas do sector cultural son capaces de albiscar oportunidades, se ben o 32,3% delas sostén que non ven ningunha, valor que aumentou en 1,5 puntos dende xullo.

Entre as que si detectan algunha oportunidade nesta crise, a resposta máis sinalada segue a ser a aceleración da dixitalización no sector (22%, 4,5 puntos máis que en xullo). En segundo lugar sitúase o aumento do consumo/demanda de produtos do sector (13,3%, 1 punto máis) e, en terceiro, o impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (13%, 5,1 puntos máis). Moi preto desta última atópase, en cuarta posición, o impulso á colaboración, alianzas e/ou concentracións empresariais (12,7%).

Tras estas, acadan porcentaxes, cando menos superiores ao 10%, oportunidades como o incremento da profesionalización dos negocios do sector (12%), a introdución de melloras no funcionamento interno das empresas co consecuente incremento da produtividade (11,3%), o aumento do espazo para a creatividade e a imaxinación (11%) e a maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas (10,3%), se ben esta última perdeu case 5 puntos dende xullo).

#### Porcentaxe de empresas segundo o tipo de oportunidades que poden presentarse a raíz da crise no seu sector (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Aceleración da dixitalización no seu sector	17,5	22,0
Aumento do consumo/demanda de produtos do seu sector	12,3	13,3

Impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (teletraballo, flexibilidade horaria...)	7,9	13,0
Impulso á colaboración, alianzas e/ou concentracións empresariais	12,9	12,7
Incremento da profesionalización do sector	11,6	12,0
Melloras no funcionamento interno das empresas e incremento da produtividade	11,9	11,3
Máis espazo para a creatividade e a imaxinación	9,6	11,0
Maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas	15,2	10,3
Non ve ningunha oportunidade	30,8	32,3
Outras	4,3	6,3
Ns/Nc	17,2	12,3

Fonte: Elaboración propia

A aceleración da dixitalización no sector é unha oportunidade especialmente sinalada no sector das artes visuais (23,8%) e no dos libros e prensa (22,4%), pero tamén supera o 18% de mención nos outros dous sectores. Por nivel de facturación presenta valores entre o 22,2% e o 25% nas empresas que facturan de 150.000 euros en diante, que contrastan co 16,2% das que non chegan aos 50.000 euros.

O aumento do consumo ou demanda de produtos do sector é sinalado principalmente polas empresas do sector audiovisual e multimedia e as do sector dos libros e prensa (18,9% e 16,4%, respectivamente, en claro contraste co 6,1% das artes escénicas).

A afirmación de que o impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral destaca entre as empresas das artes visuais (17,5%, fronte ao 8,2% do sector das artes escénicas).

Algo semellante acontece coa mención do impulso á colaboración, alianzas e/ou concentracións empresariais (16,3% das empresas das artes visuais, fronte ao 8,2% das correspondentes ás artes escénicas). Esta oportunidade, ademais, é máis citada canto maior é o volume da facturación das empresas (do 8,8% das que non chegan a 50.000 euros pásase ao 16,7% das que acadan cando menos o medio millón de euros) e maior o seu volume de persoal (do 8,5% das que só teñen 1 ou 2 empregados ao 20% das que teñen máis de 10).



A confianza en que da actual crise pode saír a oportunidade de incrementar a profesionalización do sector é especialmente apuntada polas empresas das artes visuais (17,5%), mentres que nas do audiovisual e multimedia só o sinalan o 2,7%. Por outro lado, é unha oportunidade máis citada canto maior é o volume de facturación das empresas (do 7,4% das que facturan menos de 50.000 euros ao 22,2% das que facturan 500.000 ou máis).

Na oportunidade para introducir melloras que aumenten a produtividade das empresas confían especialmente as do sector das artes visuais (12,5%), sendo as das artes escénicas as que menos expresan tal confianza (8,2%).

As empresas das artes escénicas son tamén as que menos sinalan como oportunidade a obtención de máis espazo para a creatividade e a imaxinación (8,2%) e as que máis sinalan tal oportunidade son as do sector do audiovisual e multimedia (16,2%). As empresas das artes escénicas só destacan na análise por sectores ao apuntar como oportunidade a maior implicación e apoio das administracións públicas (18,4%), sendo neste caso as do audiovisual e multimedia as que achegan a menor porcentaxe de mención (2,7%).

Finalmente, a resposta que indica que a crise non está a ofrecer oportunidades é principalmente sinalada polas empresas das artes visuais (38,8%), aínda que só baixa do 30% entre as dedicadas aos libros e á prensa (28,4%).

### *5.3. Medidas de reactivación*

As axudas directas ou as subvencións a fondo perdido seguen a ser as medidas máis demandadas polas empresas da cultura galega como chave para a reactivación do sector. De feito, dende xullo elevouse en máis de 10 puntos a súa mención (ata o 55,3%), se ben é certo que todas as medidas propostas experimentaron un claro aumento da porcentaxe de empresas que as consideran oportunas.

Como segunda medida máis citada segue situándose a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (cítana o 52,7% das empresas

enquisadas, case 12 puntos máis que en xullo). Tamén a terceira medida máis sinalada, as axudas fiscais, repite na mesma posición respecto de xullo, cunha suba de 4,2 puntos dende entón (ata o 44,7%).

Con porcentaxes por riba do 30% atópanse medidas como a flexibilización e rapidez das axudas (38,3% —7,1 puntos máis—) e con incrementos por riba dos 10 puntos dende xullo están o aprazamento no pago de impostos e seguros sociais (36,7%, 10,1 puntos máis), o incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (33,7%) e a reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros (30%). Esta última medida, xunto co incremento das cabidas permitidas nas salas de concerto, teatros, cines etc. (24%), son as que experimentaron un maior aumento na súa mención dende xullo (16,4 e 17 puntos porcentuais máis que entón, respectivamente).

Finalmente, outro 24% das empresas considera que a flexibilización laboral sería unha medida que reactivaría o sector (10 puntos máis que en xullo).

**Porcentaxe de empresas segundo as medidas que consideran necesarias para reactivar o seu sector empresarial (RESPOSTA MÚLTIPLE)**

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Axudas directas/subvencións a fondo perdido	45,2	55,3
Supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais	40,9	52,7
Axudas fiscais (bonificacións/deducións)	40,5	44,7
Flexibilización e rapidez das axudas	31,2	38,3
Aprazamento no pago de impostos e seguros sociais	26,6	36,7
Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (libros, cine, TV, concertos, teatro etc.)	22,9	33,7
Reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros	13,6	30,0
Flexibilización do mercado laboral	14,0	24,0
Incremento das cabidas permitidas nas salas de concerto, teatros, cines etc.	7,0	24,0
Outras	5,6	10,3
Ns/Nc	15,3	8,7

Fonte: Elaboración propia

As empresas da cultura galega están a soportar condicións moi dispares segundo o sector de que se trate e a requirir medidas de apoio de distinta



índole. Esas distintas situacións duns e outros sectores poden apreciarse ao longo de todo este informe na análise por segmentos correspondente, que ten tamén o seu reflexo nas demandas que dirixen aos órganos de decisión políticos como apoios indispensables para a reactivación da empresa cultural galega.

Un bo exemplo é o feito de que as empresas das artes escénicas, especialmente damnificadas polas reducións de cabida en espazos públicos e que en maior medida se atopan en situación de inactividade, sexan as que se destacan na petición da reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatro (44,9%), na do incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (42,9%) ou na ampliación das cabidas permitidas en salas de concerto, teatros ou cines (42,9%). En todo caso, tamén no ámbito das artes escénicas a petición de axudas directas/subvencións a fondo perdido (59,5%) e a supresión ou rebaixa de impostos (53,1%) son as medidas máis citadas.



As empresas do audiovisual e multimedia coinciden coas das artes escénicas ao ser as que máis demandan as axudas a fondo perdido (59,5%), o incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (43,2%) e a ampliación de cabidas (40,5%).

Pola súa parte, as empresas das artes visuais son as que en maior medida solicitan unha supresión ou unha rebaixa de impostos e seguros sociais (65%) e a flexibilización e rapidez das axudas (48,8%), de xeito que este é o único sector no que a petición de axudas directas/subvencións non é a demanda máis frecuente (47,5%). Este ámbito tamén presenta porcentaxes claramente superiores á media no referente ao aprazamento do pago de ambos os gastos (46,3%) e a flexibilización do mercado laboral (28,8%).

As empresas dedicadas aos libros e á prensa coinciden co conxunto da mostra á hora de sinalar as tres medidas máis demandadas e, como resulta lóxico, son as que en menor medida mencionan: a reactivación dos circuítos de concertos e teatro (26,1%) e a ampliación das cabidas permitidas en salas de concerto, teatros ou cines (17,2%).



#### 5.4. Repercusións da crise na percepción social do sector cultural

A confianza en que nalgunha medida o sector cultural será mellor valorado pola sociedade tras esta crise sanitaria incrementábase en 3,2 puntos dende xullo, de modo que neste momento o 6,7% das empresas cre que será moito mellor valorado e o 23,7% que será algo mellor valorado. A opinión contraria, a que prevé unha deterioración da imaxe do sector cae en 6,2 puntos dende entón (do 18,2% ao 12%). En todo caso, segue a ser predominante —e mesmo aumenta en case 3 puntos— a idea de que a imaxe do sector cultural galego permanecerá igual ante a sociedade (53%).

Se se observan as respostas a esta variable como puntuacións dunha escala do 1 ao 5, na que o 1 signifique “moito menos valorado”, o 3 “igual de valorado” e o 5 “moito mellor valorado”, obtense unha puntuación media do 3,23 como estatístico de resumo (valor moi similar ao de xullo). Deste xeito, a opinión conxunta da mostra nesta variable segue en valores correspondentes ao “permanecerá igual” aínda que cunha moi lixeira inclinación cara á mellora desa percepción.

#### Porcentaxe de empresas segundo a súa opinión sobre como afectará a situación resultante tras a crise á percepción do seu sector por parte da sociedade

Fonte:	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xan. '21)
Será moito máis valorado	4,0	6,7
Será algo máis valorado	23,1	23,7
Permanecerá igual	50,2	53,0
Será algo menos valorado	12,9	8,7
Será moito menos valorado	5,3	3,3
Ns/Nc	4,6	4,7

Elaboración propia

#### Valoración media e desviación típica (Escala de 1 a 5)

	1ª onda (xullo '20)	2ª onda (xullo '20)
Media	3,08	3,23
Desviación típica	0,87	0,84

Fonte: Elaboración propia



A visión optimista de como afectará esta crise á imaxe do sector cultural ante a sociedade (a suma das empresas que cren que será algo ou moito mellor valorado) só é predominante, por sectores, entre as empresas das artes visuais (37,5%, 10 puntos máis que a porcentaxe de empresas dese sector que sosteñen o contrario). Entre as dedicadas aos libros e prensa e ás artes escénicas predomina a idea dun empeoramento nesa imaxe (41% e 44,9%).

A comparación das puntuacións medias por segmentos permite comprobar que as empresas do audiovisual e multimedia son as máis optimistas nesta cuestión (3,59, fronte ao 3,14 das dedicadas aos libros e prensa).

## 6. Conclusións

O Consello da Cultura Galega publicou varios traballos para dar conta da situación do ámbito cultural dende o inicio da pandemia da COVID-19. Os traballos sectoriais permitiron observar certas particularidades, como a crise previa que xa padecía o sector do libro antes da crise sanitaria ou a precariedade laboral e a grande incidencia da falta de socialización no ámbito profesional da música. Os traballos de tipo transversal permitiron a comparación con outros sectores e mostraron que as actividades culturais experimentaban un dos maiores impactos de entre todas as que compoñen a economía galega, en parte pola fragilidade do tecido produtivo e en parte pola grande exposición ás restricións das actividades relacionadas cos espectáculos. Tamén se analizaron os hábitos culturais da poboación galega durante este período, co que se observou unha gran contracción do gasto, xunto cunha importante falta de confianza na seguridade. De feito, a mediados de 2020, constatouse no *Barómetro da cultura galega I* a dificultade pola que pasaban as empresas culturais de Galicia, cunha importante caída da facturación e unha destacada previsión de despedimentos.

Os datos deste segundo barómetro, recollidos en xaneiro de 2021, indican que a situación da actividade das empresas culturais galegas empeza a



amosar certa adaptación á denominada “nova normalidade”, pois nos seis meses transcorridos dende xuño incrementouse en case 9 puntos a porcentaxe de empresas cunha actividade “normal” e sitúase a finais de 2020 no 54%. Esta porcentaxe media agocha unha clara diferenza segundo sectores de actividade xa que baixa ata o 18,4% no caso das artes escénicas (artes escénicas e actividades auxiliares da música, teatro, xestión de salas de espectáculos e fabricación de instrumentos musicais), que é o sector que se atopa en peor situación, pois ten o 38,8% das súas empresas sen ningunha actividade (fronte a valores inferiores ao 6% nos sectores restantes). Tamén se incrementa a porcentaxe de empresas con todos ou case todos os seus traballadores activos (agora 77%), situación máis frecuente nas empresas das artes visuais (actividades de publicidade, deseño, fotografía e creación artística) e nas de libros e prensa (artes gráficas e actividades de impresión, edición e creación literaria e comercio de libros e prensa), mentres que, consecuentemente co dato de actividade, no caso das artes escénicas esta porcentaxe sitúase no 46,9%.



A análise das medidas adoptadas polas empresas do sector cultural para afrontar as dificultades impostas pola pandemia mostra unha notable diferenza e, en realidade, unha situación menos grave á de hai tan só seis meses. En primeiro lugar, a porcentaxe de empresas que non está a aplicar ningunha medida específica é do 34,9%, cando na primeira edición do estudo só o 5,3% non tiña en marcha ningunha destas medidas. Entre as que si aplican algunha medida no presente, as máis comúns son o teletraballo (26,2%), o establecemento de quendas ou a modificación do horario laboral (25,5%) e a redución da actividade (21,5%). Cabe destacar que o cesamento da actividade da empresa, que en xullo afectara a un elevado número de negocios (61,4%), rexistra a inicios deste 2021 porcentaxes drasticamente inferiores (8,1%). Algo similar acontece en relación cos ERTE, pois o 14,1% das empresas enquisadas están en ERTE fronte a unha porcentaxe que se situaba no 48,6 en xullo. Entre as empresas en ERTE, o 59,5% aplica a modalidade de xornada completa e o 16,7% a modalidade combinada de xornada completa para algúns traballadores e parcial para outros.



A porcentaxe de empresas con algún persoal en teletraballo redúcese en 4 puntos dende xuño, ata o 26%. Por sectores está a ser máis empregado polas empresas do sector audiovisual e multimedia (actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión e comercio de produtos audiovisuais). A aposta por esta modalidade é máis frecuente canto maior é o treito de facturación e o volume de persoal. Segue a predominar unha visión positiva do teletraballo (57,7%) e incrementábase a porcentaxe de empresas que consideran que tal modalidade permanecerá despois da crise sanitaria (51,3%).

Pese a esta evolución relativamente positiva, as empresas da cultura galega viron notablemente afectada a súa facturación por mor da crise. Agora ben, resulta un achado destacable que os datos finais relativos ao conxunto de 2020 ofrecen mellores cifras que os relativos á primeira metade do ano, recollidos en xullo. Tamén é importante destacar que as estimacións feitas hai seis meses eran moito peores respecto do que acontecería finalmente no conxunto do exercicio. As empresas que sufriron un descenso de máis do 50% na súa facturación supoñían o 60,7% en xullo e o 43,6% auguraba para 2020 unha facturación inferior en máis do 50% á de 2019. Ao final do ano 2020, na análise do que acabou acontecendo, o índice de empresas cuxa facturación baixou á metade descendeu ata o 28,4%. Novamente, as empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron caídas na facturación superiores ao 50% (o 61,2% das empresas vencelladas ás artes escénicas, cifra que duplica a rexistrada para o conxunto da mostra).

En canto á situación laboral, a crise segue a destruír emprego nas empresas do sector cultural, pois nos últimos seis meses incrementouse en 3,5 puntos a porcentaxe das que acometeron algún despedimento (do 9,2% de xullo ao 12,7% de xaneiro). Os despedimentos teñen maior intensidade entre as empresas das artes escénicas. Outro indicador da destrución de emprego é que dende xuño se despediu a un número equivalente ao 5% das persoas traballadoras das empresas da mostra.

Con relación á evolución esperada, o 17,3% das empresas da cultura galega contempla a posibilidade de reducir o seu cadro de persoal nos próximos



meses, porcentaxe practicamente idéntica á recollida en xullo, polo que a pesar dos axustes de persoal xa producidos, este indicador apunta a que nos vindeiros meses se continuará afondando na destrución de emprego. O cálculo indica que o 7,6% dos traballadores das empresas culturais pode ver perigar o seu posto de traballo nos vindeiros meses. Esta previsión é especialmente elevada entre as empresas das artes escénicas.

Como consecuencia da crise, o 56,3% das empresas do sector cultural galego adiou ou desbotou os investimentos que tiñan previsto realizar no negocio no 2020 (7,5 puntos máis que en xullo). Esta porcentaxe acada o 79,6% das empresas das artes escénicas.

Esta segunda enquisa recolle valores moi similares nalgún dos problemas producidos pola crise da COVID-19 e datos moi dispares noutros, froito dunha situación económica e de consumo distinta á de hai seis meses pero aínda fortemente condicionada pola pandemia e as medidas de contención adoptadas polas administracións e a cidadanía. Os tres problemas máis citados seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (80%), os de tesouraría (42,3%, 10,8 puntos menos que en xullo) e as dificultades para pagar impostos e seguros sociais (35,3%). En cuarto lugar atópanse agora as limitacións de cabida (32,3%). As porcentaxes de mención de problemas cos provedores e das dificultades para cumprir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene víronse agora notablemente reducidas.

En canto á valoración das medidas adoptadas polas administracións públicas, ao igual que en xullo, ningunha das tres administracións analizadas acada o aprobado, presentando puntuacións medias inferiores ao 4 nunha escala do 0 ao 10. A Administración autonómica é a que rexistra unha mellor valoración media, un 3,6, séguela a estatal, cun 3,49, e a peor é para a Administración local, que recibe un 3,26. Esta puntuación mostra unha importante deterioración dende xullo da valoración recibida pola Administración do Estado (pasou dun 4,54 a un 3,49) e, en menor medida, da recibida pola autonómica (2 décimas menos).

No relativo á evolución prevista para as empresas e o sector nos próximos meses, as previsións a curto e medio prazo indican que o 44,3% das



empresas enquisadas é pesimista sobre a evolución do seu negocio ao longo do 2021, pois considera que a finais de ano estarán peor que a comezos do 2020. No extremo contrario, un 20% estima que a finais de ano estarán mellor que antes do inicio da pandemia.

Pese á mellora dalgúns dos indicadores do estudo, que apuntan a certa adaptación á "nova normalidade", e a un lixeiro descenso do pesimismo, crece en máis de 3 puntos a porcentaxe de empresas que consideran unha posibilidade certa o peche nos próximos meses (15,3%). En coherencia co observado ata este punto, cómpre destacar de novo as empresas dedicadas ás artes escénicas, porque unha de cada tres (o 36,7%) contempla a posibilidade de pechar nos próximos meses.

Pensando no conxunto do sector da cultura, predomina tamén o pesimismo, pois o 37% das empresas enquisadas cre que dentro de seis meses o sector estará peor que agora, ao que se pode engadir o 24% que considera que estará igual que agora, categoría só interpretable en termos negativos. As empresas das artes escénicas e a dos libros e prensa son as máis pesimistas. Só entre as das artes visuais predomina unha resposta optimista.

En relación con isto, o 32,3% das empresas non ve ningunha oportunidade de futuro a raíz da actual crise. Entre as que si detectan algunha, destaca a dixitalización do sector (22%), o aumento do consumo e demanda de produtos culturais (13,3%), o impulso ás medidas de conciliación da vida laboral e familiar (13%) e o impulso á colaboración, alianza e/ou concentracións empresariais (12,7%).

Entre as medidas de reactivación demandadas polas empresas destacan as axudas directas ou subvencións a fondo perdido (55,3%), a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (52,7%) e as axudas fiscais (44,7%). Tamén superan o 30% a flexibilización e rapidez das axudas (38,3%), o adiamento no pago de impostos e seguros sociais (36,7%), o aumento do gasto público en produtos e servizos culturais (33,7%) e a reactivación dos circuítos de concertos e teatros (30%). Todas as medidas propostas experimentaron un claro aumento da porcentaxe de empresas que as consideran oportunas en relación cos datos de xullo.



As empresas da cultura galega están a soportar condicións moi dispares segundo o sector de que se trate e, polo tanto, a requirir medidas de apoio de distinta índole, polo que as porcentaxes de mención das diferentes medidas varían notablemente por sectores.

Verbo da percepción social do ámbito cultural, o 30,4% cre que o sector será mellor valorado pola sociedade tras esta crise, o 53% que a imaxe do sector non cambiará e o 12% que empeorará. Segue a ser predominante a idea de que a imaxe do sector cultural galego permanecerá igual ante a sociedade, se ben a confianza en que nalgunha medida o sector cultural será mellor valorado pola sociedade tras esta crise sanitaria incrementase nestes seis meses en 3,2 puntos, ata o 30,4%.